

XII CONCURSO DE MICRORRELATOS DO IES BREAMO

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Breamo covoca a un novo certame de microrrelatos á comunidade educativa do IES Breamo, de acordo coas bases que a continuación se especifican.

BASES

1. **FORMATO:** O texto presentado debe ser **en galego** e **non conter máis de 600 caracteres** (aproximadamente 8 liñas), sen contar o título e o pseudónimo da persoa participante. **O formato do texto será: Times New Roman, tamaño 12, xustifico a dobre espazo.** O microrrelato estará precedido por un **título en letra grosa e asinado por pseudónimo en cursiva** (o mesmo pseudónimo para todas as obras enviadas pola mesma persoa) e a **categoría** á que pertence.

2. **TEMA:** A temática será libre.

3. **CATEGORÍAS:** Establécense tres categorías:

Categoría A: alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO.

Categoría B: alumnado de 4º de ESO e Bacharelato.

Categoría C: profesorado, persoal non docente, pais e nais de alumnos e alumnas do centro.

4. **PROCEDIMENTO:** A persoa participante deberá **entregar na secretaría do instituto un sobre grande anónimo** que conteña no seu interior **o microrrelato** (ou microrrelatos) que presente a concurso, sen que conste o nome, pero si **o título, o pseudónimo e a categoría**, e **un sobre pequeno ou plica, pechado**, no que deberá escribir por **fóra: XII Concurso de microrrelatos do IES Breamo, o pseudónimo** empregado e **a categoría** á que se presenta, e **dentro debe incluír os seus datos persoais:** o nome e apelidos, curso e, se se presenta á categoría C fará constar tamén o documento de identidade, un número de teléfono e, se é pai ou nai dun alumno ou alumna do centro, indicará tamén o nome e apelidos do seu fillo ou filla.

5. **PRAZO:** As obras poderán ser presentadas na Secretaría do IES Breamo **ata o xoves 16 de maio.**

6. **XURADO:** O xurado estará composto por dous representantes do profesorado, dous representantes do alumnado en nome do EDLG e un representante do persoal non docente.

7. **PREMIOS:** Haberá **un premio en cada categoría (libros e/ou material audiovisual en galego).** No caso de que algunha das categorías non acade premio por falta de participación ou calidade dos traballos presentados, poderá adjudicarse un segundo premio a outra categoría.

8. O resultado do concurso será comunicado directamente ás persoas interesadas despois do fallo do xurado. Os microrrelatos gañadores publicaranse no Blog As Gabarras, na páxina e na radio do centro.

O acto de entrega de premios terá lugar no Salón de Actos do IES Breamo no día e hora que se indique cando se faga público o fallo do xurado.

9. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.